

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

RESOLUCIÓN do 6 de outubro de 2014, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos/as.

Na sesión que tivo lugar o día 6 de outubro de 2014, o tribunal nomeado pola Orde do 4 de febreiro de 2014 (*Diario Oficial de Galicia* nº 33, do 18 de febreiro) para cualificar o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos/as, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro. Declarar a todas e todos os aspirantes que superaron o cuarto exercicio exentos da realización do quinto exercicio por ter presentado a documentación xustificativa sinalada na base II.1.1.5 da convocatoria.

Segundo. De conformidade co disposto na base II.2.5 da orde de convocatoria (*Diario Oficial de Galicia* nº 140, do 24 de xullo de 2013), os aspirantes que superaron a fase de oposición disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para presentar a documentación relativa á fase de concurso, que deberán dirixir á Consellería de Facenda, Dirección Xeral da Función Pública (Edificio Administrativo San Caetano, Santiago de Compostela) de acordo co procedemento establecido para o efecto pola dita dirección xeral na súa Resolución do 22 de setembro de 2014 (*Diario Oficial de Galicia* nº 185, do 29 de setembro).

Contra esta resolución poderá interperse recurso de alzada ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo cos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2014

Manuel Mateo Díaz
Presidente do tribunal

